

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de decembro de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudosio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día catorce de decembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación a Secretaria Xeral do Pleno, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1760).- ACTA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 23 E 27 DE NOVEMBRO E EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 26.11.09.

Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 23 e 27 de novembro e extraordinaria e urxnete do 26 de novembro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1761).- CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MOVE VIGO 2009”. EXPTE. 3359/335.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 17 novembro de 2009 emitido pola técnica de Animación Sociocultural, coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 4 de decembro, a Xunta de goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio, que se transcribe ó final deste acordo, entre o Concello de Vigo e a Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao” para organización do programa “Move Vigo 2009”.

Segundo.- Que se faculte ó concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

Terceiro.- Que se autorice un gasto por un importe total de 20.000.-euros, en concepto do estipulado no referido convenio, que se financiará con cargo á partida 4512.489.00.09 (convenio Federación “Eduardo Chao”) do programa orzamentario do servizo de Animación Sociocultural correspondente ó vixente exercicio económico.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “MOVE VIGO 2009”

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, dona ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ, como presidenta da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” CIF 36681708 e enderezo social, Praza da Princesa, nº 7 andar 36202 na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente obxecto deste convenio.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” CIF 36681708 ten como fin, os obxectivos recollidos no artigo 3 dos estatutos da Federación adaptados á Lei orgánica 1/2002 de 22 de marzo reguladora do dereito de asociacións (BOE73/02 de 26 de marzo) que se achegan ao expediente.

II.- Que o obxecto do presente convenio é o desenvolvemento do programa “MOVE VIGO 2009”, proxecto que desenvolve un circuíto de actuacións culturais que inclúe actuacións de grupos de baile e música tradicional, música folk, grupos de música clásica, grupos de baile , teatro) polos barrios do termo municipal de Vigo, que contribúe á promoción da cultura e fomenta a participación dos veciños de Vigo.

O proxecto MOVE VIGO 2009 desenvólvese principalmente ao redor de cinco programas: Entroido Veciñal; Letras Galegas Veculais, Especial San Xoán; Especial Magosto; Nadal Veciñal.

III.- Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar e dinamizar a cultura entre toda a cidadanía especialmente nos distintos barrios do termo municipal.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4512.489.00.09 (convenio Federación “Eduardo Chao”), prevé a concesión dunha subvención por importe de 20.000 €, a favor da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” CIF 36681708 para o desenvolvemento do programa “MOVE VIGO 2009”. Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público xa que achega un circuíto de actuacións culturais aos distintos barrios do termo municipal de Vigo.

O programa “MOVE VIGO 2009”, foi creado os pola FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” no outono de 2003 e é exclusivo desa entidade. A exclusividade do programa considérase acreditada na certificación asinada pola presidenta D Elena González Sánchez, e polo programa (anexo I do convenio) presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

Estas circunstancias impiden promover concorrencia pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o desenvolvemento do programa “MOVE VIGO 2009”, que se levará a cabo principalmente nos distintos barrios do termo municipal de Vigo.

V.- Que a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

VI.- Que o Concello de Vigo e a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” veñen asinando dende o ano 2003, convenios de colaboración para desenvolver estes proxectos , e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas partes.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO”, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” comprométese a colaborar coa Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo en canto ao desenvolvemento do programa MOVE VIGO 2009, concretamente, a:

1.- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto presentado e que figuran como anexo I.

O importe do programa “MOVE VIGO 2009” ascende a 20.000 € (anexo II) . Nestas cantidades enténdense incluídos tódolos gastos que se deriven das actuacións e actividades do desenvolvemento do programa (recursos humanos e materiais, transportes, cadeiras, etc).

2.- Se compromete a asumir tódolos seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da entidade asinante.

3.- Se compromete a cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

4.- Xestionará e aboará os dereitos de autor que se xeren como consecuencia da programación..

5.- Terá que asumir tódolos gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

6.- Comprométese ademais, a editar e distribuír o material gráfico da programación que figura no convenio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

7.- Deberán obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

8.- As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Conceder directamente á entidade FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO”, unha subvención por importe de 20.000 € para o desenvolvemento do programa “MOVE VIGO 2009”.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo aboará a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO”, a cantidade estipulada na cláusula segunda 1º que ascende a 20.000 € (vinte mil euros).

Quinto.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura

e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, incorporar esta redacción a petición da Intervención será comprobada polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e

Animación Sociocultural, da Tenencia de Alcaldía e da entidade beneficiaría, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de animación Sociocultural do Concello de Vigo. E disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 21 de decembro de 2009 e non será prorrogable.

Décimo oitavo.- O Concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase a disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican

3(1762).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN “IRMANDADE DE SANTA ANTA” POLAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA PRAZA TORREIRO DE BEADE. EXPTE. 4356/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.12.09, o informe de fiscalización do 9.12.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 10.11.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a asociación “Hermandad de Santa Ana” de Beade (CIF:G-36648095).

2º.- Autorizar o gasto de 64.000 € con cargo á partida 4631.7800003 “Arranxo pavimento praza de Beade”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN
“HERMANDAD DE SANTA ANA”, PARA REALIZAR DE OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DA PRAZA-
TORREIRO DE BEADE*

Na Casa do Concello de Vigo, ----- de ----- de dous mil nove

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de concelleiro de Alcalde do Concello de Vigo (CIF: P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n, de Vigo.

Doutra, don Carlos Ocampo Seijo, provisto de D.N.I. 35996439-J, actuando en representación da asociación “Hermandad de Santa Ana” de Beade (CIF:G-36648095), con enderezo social en Vigo, no Camiño Costa da Rúa nº 4. Representación que acredita con certificado do secretario da entidade, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a entidade “Hermandad de Santa Ana” de Beade, conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins:

- Dar ao tempo libre un emprego digno que, sen suprimir o honesto espazamento, contribúa ao perfeccionamento estético, moral, deportivo e social de todos os asociados.*

- *Intensificar e estreitar os lazos de convivencia entre os seus asociados mediante o trato frecuente e o cultivo debidamente orientado e estimulado da comprensión e o respecto mutuo, o dialogo cortés e a tolerancia.*
- *Organizar actividades recreativas, educativas, culturais e calquera outra de similares características.*
- *Encargarse de todos os anos da celebración da Festividade de Santa Ana, tanto do programa relixioso como profano, cos actos relixiosos, culturais, deportivos e de festa popular que cada ano se determine.*

A entidade “Hermandad de Santa Ana” de Beade, para levar a cabo os seus fins está a realizar ao longo deste ano 2009 unha serie de obras de mellora, tanto do local social como de acondicionamento e mellora paisaxística da praza “O Torreiro”, o que permitirá un mellor desenvolvemento das actividades propias da asociación en beneficio dos veciños e veciñas da parroquia e, en xeral, de todos os residentes na cidade de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo coa subvención das obras obxecto do presente convenio continúa no seu compromiso non só de garantir a participación da cidadanía senón tamén a promovela activamente, mediante o fomento do asociacionismo, en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., xa que este fomento entre a poboación, permite detectar, propor e colaborar na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, solucionado problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias e que conforman a nosa cidade é de salientar a importante implantación do movemento asociativo cultural e veciñal en xeral, e en particular a labor da “Hermandad de Santa Ana” de Beade, a cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social, económico, humanitario e outras debidamente xustificadas:

- *A “Hermandad de Santa Ana” ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais na parroquia de Beade, xunto coa colaboración permanente nas actividades cidadáns organizadas por este Concello de Vigo.*
- *Un aspecto fundamental para asegurar a continuidade desta entidade, é a dotación dun espazo apropiado que lle permita a potenciación das distintas actividades e carácter social, cultural, festiva, formativa e informativa que programa a entidade.*
- *Nos orzamentos do Concello de Vigo atopase consignada na partida 4631 7800003, polo importe de 64.000 € para a realización de “Arranxo pavimento praza de Beade”.*

Estas circunstancias motivan a falta de convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da

concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o financiamento do incremento de valor das obras de pavimentación da praza-torreiro de Beade causados pola mellora na calidade dos materiais a empregar e detallados no proxecto inicial da obra “ Reforma local social, acondicionamento e mellora paisaxística da praza O Torreiro”, segundo o proxecto que se achega na documentación complementaria a este convenio.

V.- Que a entidade “Hermandad de Santa Ana” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no correspondente expediente.

VI.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, cultural, participativo, etc, que para a cidade de Vigo representan as devanditas actividades da entidade “Hermandad de Santa Ana”, o Concello de Vigo e a devandita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito das actividades sociocomunitarias e do fomento da participación cidadá e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade “Hermandad de Santa Ana” comprométese a colaborar coa Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a execución e seguimento das obras a desenvolver e, concretamente, a:

1. Asumir a xestión, contratación, e cumprimento das accións obxecto do convenio.
2. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
3. Dar publicidade do financiamento das obras mediante a colocación de cartel publicitario nas obras, anunciándose o carácter público do financiamento, no idioma galego. Así como, deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Alcaldía- como patrocinador das obras.
4. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
5. Aboar as taxas, impostos, e demais gastos derivados da execución das accións conveniadas.
6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar canta información e documentación se lles solicite.
7. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.

Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Respetar a estrutura organizativa da asociación “Hermandad de Santa Ana” e asinar o convenio para a realización das obras.

2. *Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da asociación das accións conveniadas.*
3. *Conceder directamente á entidade “Hermandad de Santa Ana”, unha subvención por importe de 64.000 € co obxecto de financiar o incremento de valor das obras de pavimentación da praza-torreiro de Beade.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada. Se a actividade a subcontratar excede do 20 % do importe da subvención será necesario contrato por escrito e autorización do Concello.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sexto.- A beneficiaria a fin de dar a adecuada publicidade do financiamento municipal da actividade subvencionada debe cumprir cos seguintes requisitos:

- *Colocación de cartel publicitario de cando menos 300x200 cms, nas obras, anunciándose o carácter público do financiamento, no idioma galego.*
- *En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Alcaldía- como patrocinador das obra, que será subministrado polo servizo de Participación Cidadá.*

Sétimo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 la Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención directa por razóns excepcionais.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de xustificación, polo beneficiario, da realización do proxecto. Tendo en conta que o obxecto do convenio é o financiamento dunha inversión de capital, estimase pertinente levar a cabo o abono da subvención mediante pagamentos a conta. Os devanditos pagamentos poderán supoñer a realización de pagamento fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada.

A xustificación das entregas a conta realizarase polo “Hermandad de Santa Ana” mediante a presentación das correspondentes contas xustificativas parciais das actividades realizadas ata ese momento.

A última memoria parcial coa súa correspondente conta xustificativa presentarase no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio e deberá incluír unha memoria final relativa ao cumprimento total das inversións obxecto de convenio.

As contas xustificativas da subvención outorgada conterán a seguinte documentación e información:

- 1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das obras realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, un rexistro fotográfico ou audiovisual.*
- 2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 - a) Unha relación clasificada dos gastos da obra xustificada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
 - b) Certificacións das obras ou facturas orixinais pola contía equivalente á xustificación presentada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
 - Número e no seu caso serie.*
 - Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
 - Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
 - Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
 - Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
 - Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impoñible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación*
 - Lugar e data de emisión*
 - Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e estampillados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.

- 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
- 4. Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
 - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
 - Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
 - Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
 - Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003,*

de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. No será necesario presentar nova certificación si a presentada na solicitude de concesión non superou o prazo de seis meses de validez.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen conforme ao proxecto presentado e dentro do ano 2009. Tendo en conta que a execución do gasto subvencionable tivo lugar con anterioridade a solicitude de subvención, non será esixible a presentación e xustificación da elección do contratista por parte da entidade beneficiaria, si ben, xustificarse na memoria do proxecto conforme ao estipulado na cláusula novena.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. Será requisito a comprobación material do investimento polo órgano concedente, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por cuatuplicado exemplar, en Vigo, -----de -----de 2009.

4(1763).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 03/1867. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 22/321,04/2389, 11/2224, 14/2136, 22/1193, 23/2266.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora Social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. M^a de la Concepción Ares Gómez. Expte. 1867/03.

2º.- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Baldomero Soto Rodríguez. Expte. 321/22.
- D^a. Isabel Ares Ares. Expte. 2389/04.
- D. Ricardo González Lorenzo. Expte. 11/2224.
- D^a. Hortensia Vázquez Varela. Expte. 2136/14.
- D^a. Carmen Martínez Pérez. Expte. 1193/22.
- D^a. María Teresa Espinosa Figueroa. Expte. 2266/23.

5(1764).- CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE OUTUBRO-NOVEMBRO DE 2009. EXPTE. 48796/301.

Mediante providencia de data 1.12.09, e de acordo coas instrucións da base 31^a das de execución do presuposto en vigor, a concelleira delegada da Área de Benestar Social, dá conta

á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social durante os meses de outubro e novembro de 2009, e que son os seguintes:

DEPARTAMENTO: Benestar Social. FUNCIONAL: 3130 / outubro-novembro de 2009

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
03/11/09	OBRAS REPARACION E MANTENIMENTO	2120000	200900064279	38.086,15	CONSTRUCCIÓN Y CONTROL S.L.
23/11/09	AXENDAS FOTOGRÁFICAS	2200000	200900069943	939,60	DESOÑOS, S.L.
16/11/09	PUBLICIDADE II FORO DA INMIGRACIÓN	2260200	200900067983	5.661,96	J.B THOMAS SERVICIOS PUBLICITARIOS, S.L.
08/10/09	GASTOS MONITOR OUTONO CULTURAL	2260801	200900055784	3.480,00	ALEJANDRA GARRIDO RUIZ
14/10/09	OBRA DE TEATRO "CHICHO E A SANTA COMPAÑA"	2260801	200900056618	4.176,00	LAMBRICA PRODUCCIÓNS, S.L.
14/10/09	OBRA DE TEATRO "VIVA A CRISE"	2260801	200900056623	4.176,00	MENGANO E CITANO, S.L.
09/11/09	ACOMPAÑAMENTO USUARIOS SAF	2260801	200900065552	1.798,20	CLECE, S.A.
09/11/09	SERVIZO SILLAS FESTA SAF	2260801	200900065568	290,00	MONICA GÁNDARA DE LA MOTA
21/10/09	SUPERVISIÓN TÉCNICA DPTO. BENESTAR SOCIAL	2270600	200900059667	6.300,00	CARLOS GUILLEN GESTOSO
22/10/09	IMPLANTACIÓN NOVA VERSIÓN SIUSS	2270600	200900060850	11.750,00	INFORMATICA DE GALICIA, S.L.
13/10/09	CURSO FORMACIÓN MEDIADORES	2270608	200900056499	840,00	ASOC. MADRO
28/10/09	PROGRAMA CINENSINO	2270608	200900062475	1.948,63	ESTINGA SERVICIOS SOCIALES, S.L.
28/10/09	GASTOS EQUIPO PLDA	2270608	200900062476	2.500,00	VIARIOS
28/10/09	PROGRAMA "MAIS QUE UN TEITO"	2270608	200900062478	400,00	ASOC. MADRO
28/10/09	PROGRAMA "NON PASA NADA ¿PASA ALGO?"	2270608	200900062529	6.900,00	ASOC. MADRO
28/10/09	13 OBRADOIROS DE PREVENCIÓN FAMILIAR	2270608	200900062531	5.400,00	ASOC. MADRO
28/10/09	ARTICULOS SOLIDARIOS	2270609	200900062489	997,37	INICIATIVA SOLIDARIA 0,77%
28/10/09	MEGAFONIA MARCHA SOLIDARIA	2270609	200900062490	464,00	SONIDO COLLAZO, S.L.
28/10/09	AUGAS MARCHA SOLIDARIA	2270609	200900062491	162,00	JOSE BARRAL DOMÍNGUEZ
23/11/09	"SABADOS DINAMICOS"	2270609	200900069942	4.600,00	ASOC. XUVENIL ABERTAL
28/10/09	SERVIZO MEDIADORES	2270617	200900062479	3.527,53	VIARIOS
25/11/09	PROGR. "EN GALEGO TAMÉN NOUTROS MUNDOS"	2270617	200900070795	18.000,00	REVERSO COMUNICACIÓN
25/11/09	REDACCIÓN GUÍA EMIGRACIÓN	2270617	200900070824	20.700,00	QUADERNAS CONSULTORIA, SL.
26/11/09	OBRAS REFORMA E ACONDICIONAMENTO UBAS CASCO VELLO	6320000	200900071518	5.465,92	SITO Y FERNANDENZ, SL.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

6(1765).- ADXUDICACIÓN DE CINCEIROS NOS CEMITERIOS DE LAVADORES E TEIS. EXPTE. 8883/255.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Negociado do Servizo de Cemiterios, do 9.12.09, conformado pola concelleira-delegada da Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro: Adxudicarlle ás persoas que se relacionan, segundo orde de entrada no rexistro xeral, o cinceiro que para cada un se expresa, segundo emprazamento e número, nos cemiterios municipais de Lavadores e Teis:

CINCEIROS NO CEMITERIO DE LAVADORES

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCA</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
Mª Cleofé Veiga Alen	1	24	
Pilar Davila Eiras	2	24	
Mª Encarnación Silva Rodríguez	3	24	
Angeles Gómez Parente	4	24	
Concepción García Daponte	5	24	
Mª Angeles Faro del Pico	6	24	
Manuela González Longo	7	24	
Mª Carmen Silva Fernández	8	24	
José Codesido Baamonde	9	24	
Milagros del Río Casal	10	24	
Mª Carmen Castiñeiras Mato	11	24	
Concepción Cabaleiro Gómez	12	24	
Jose Carlos Casal Fernández	13	24	
Carmen de Jesús García Pereira	14	24	
Jose Antonio Rodríguez Duran	15	24	
Gabina Mesa Rodriguez	16	24	
Jose Eugenio Matilde Viñas	17	24	
Alvaro Conde Lago	18	24	
Mª Carmen Varela Vilas	19	24	
Matilde Lago Simón	20	24	
Mª Amelia Costas Martínez	21	24	
Leopoldo González de la Peña	22	24	
Mª Teresa Pérez Iglesias	23	24	
Abrahan Rodríguez Duran	24	24	
Maximino Piñeiro Peña	25	24	
Mª Pilar Pérez Castellon	26	24	
Pilar Barcia Mouriño	27	24	
Amalia Martínez Casal	28	24	
Olivia Jenuario Fernández	29	24	
Mª Carmen Lorenzo Silva	30	24	
<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCA</u>	<u>BLOQUE.....</u>	<u>ZONA</u>

Nieves Pérez Miguelez	31	24
Manuela Lorenzo Fernández	32	24
Mª Angeles González Figueroa	33	24
Jose Eutiquio Alonso Rodríguez	34	24
Ramona Tesan Rodriguez	35	24
Carmen Rodríguez Pérez	36	24
Fernando Villar Méndez	37	24
Mª Angeles Pereira Rodríguez	38	24
Mercedes Pio López	39	24
Rosa Martin Iglesias	40	24
Mercedes Fernández Bouzada	41	24
Purificación Sanchez Maquieira	42	24
Josefina Castiñeiras Mato	43	24
Olga Romero Caneda	44	24
Mª Visitación Costa Fernández	45	24
Carlos Suarez Guntin	46	24
Ana Celia España Romay	47	24
Carlos Galvez Galvaz	48	24
Mª Teresa Martínez García	49	24
Ricardo Conde Fernández	50	24
Rosa Ferreiro Araújo	51	24
Rosa María del Río Rodríguez	52	24
Mª Asunción Dasilva Miguez	53	24
Juana María Lustres Alonso	54	24
Jose Manuel Porto Moreira	55	24
Mª Carmen Salgueiro Otero	56	24
Jaime Abalde Gómez	57	24
Teresa Collazo González	58	24

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCA</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
Pilar Otero Soto	59	24	
Matilde Rodríguez Soto	60	24	
Mª Carmen Pérez Gonzalez	61	24	
Elva Santos Martínez	62	24	
Victor Caride Barrera	63	24	
Manuel Ferreira Sanabria	64	24	
Ramona Faure Vázquez	65	24	
Blanca Lago González	66	24	
Manuel Rodríguez García	67	24	
Mª Victoria Pérez García	68	24	
María González Rodríguez	69	24	
Ernesto Jaime Fernández Gago	70	24	
María Fontan Sanles	71	24	
<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCA</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>

Josefa Lorenzo Requeijo	72	24	
Juan Manuel Ojea García	73	24	
Miguel Bargiela Dominguez	74	24	
Mª Pilar Martin Fandiño	75	24	
Mª Celia Cao Rodríguez	76	24	
Juan José Escudero Conde	77	24	
Candida Lago Méndez	78	24	
Mª Isabel Suarez Carrera	79	24	
Silvino Dominguez Cendon	80	24	
Juan Martínez Ocaña	81	24	
Mª Almudena López Otero	82	24	
Enrique Tajés Crespo	83	24	
Eduardo Lago Vila	84	24	
Mª Rosa Pérez Campos	85	24	
Mª Carmen Gonzalez Simon	86	24	
María Carrera Alonso	87	24	
Roberto Ulla Calvo	88	24	
Mª Carmen Alvarez Magdalena	89	24	
Leopoldina Araújo Estévez	90	24	
Auria García Molares	91	24	
Aurelio Rodríguez Riveiro	92	24	
Josefina de la Peña Leirós	93	24	
Mª Delia Silva López	94	24	
Mª Inmaculada Gonzalez Pérez	37		B. Oeste
Helena Elisa Gosende Arijón	53		B. Oeste

CINCEIROS NO CEMITERIO DE TEIS

Julio Prieto Rodriguez	1	17
Manuela Conde Pomar	2	17
Jose Antonio Heredia Pelegrin	3	17
Pilar Marcos Costas	4	17
Susana Gonzalez Núñez	5	17
Fernando Táboas Panceira	6	17
Mª Teresa Álvarez Dominguez	7	17

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCA</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
Erundino Díaz Fernandez	8	17	
Ramón Covelo Álvarez	9	17	
Josefa López Montenegro	10	17	
Jose Francisco Gonzalez Barciela	11	17	
Monserrat Pedreira Gonzalez	12	17	

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCA</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
Carlos Trigo Matarranz	13	17	
Antonio Portela Rodriguez	14	17	
Adolfo Hermida Araújo	15	17	
Mª Pilar Vila Pérez	16	17	
Pilar Pena Broullon	17	17	
Serafin Acebedo Rodriguez	18	17	
Jose Ramón Álvarez Prieto	19	17	
Jose Luis Sánchez Díez	20	17	
Carmen Abalde Gonzalez	21	17	
Jesús Calo Patiño	22	17	
Rosa Juncal Dacosta	23	17	
Concepción Martinez Cortegoso	24	17	
Felipa García Martin	25	17	
Mª Aurea Méndez Alcaine	26	17	
Mª Dolores Villar Alonso	27	17	
Francisco Xabier Pérez Davila	28	17	
Jose Carlos Barros Lorenzo	29	17	
Emilio García Rial	30	17	
Mª Carmen Gonzalez Díaz	31	17	
Victoria Juncal Riveiro	32	17	
Jose Mª Bosch Monje	33	17	
Carmen Vázquez Iglesias	34	17	
Mª Carmen Riveiro Brianes	35	17	
Concepción Comesaña Costas	36	17	
Sergio Fernandez Estévez	37	17	
Consuelo Remesar Condines	38	17	
Carmen Abalde Anido	39	17	
Pilar Gallego Rolan	40	17	
Mª Josefa García Méndez	41	17	
Visitación Fernandez Exposito	42	17	
Jose Carlos Cereijo Cameselle	43	17	
Julio Salgado Lancho	44	17	
Moises Trigo de la Rosa	45	17	
Dolores Gonzalez Barreiro	46	17	
Ramon Gago Álvarez	47	17	
Manuel Casal Argibay	48	17	
Mª José Velasco Doldan	49	17	
Fernando Martinez López	50	17	
Mª Dolores Bretal Sampedro	51	17	
Candida Álvarez Bahamonde	52	17	
Mª Isabel Condines González	53	17	

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCA</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
------------------------------	----------------	---------------	-------------

Carmen Da Rocha Corral	54	17
Josefa Da Rocha Corral	55	17
Francisco Javier Palacios Prieto	56	17
Cristina Elena Orejas Gonzalez	57	17
Mª Luz Giraldez Hombre	58	17
Mª Dolores Martínez Martínez	59	17
Concepción Moldes Fernandez	60	17
Celsa García Villar	61	17
Pedro Figueras Carballo	62	17
Belén Oliveira Fojo	63	17

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCA</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>ZONA</u>
Rosa Mª Lorenzo Rodríguez	80		1ª andanada

Segundo: As adxudicacións outórganse por un prazo de cincuenta anos a contar dende a data da liquidación do cinceiro adxudicado.

Terceiro: De conformidade co previsto no art. 7º da Ordenanza en vigor, os acordos de adxudicación estarán condicionados o pagamento das cantidades sinaladas no apartado A.2 do artigo 5º da Ordenanza Fiscal. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se producira o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo dun mes contado dende a finalización do prazo para pagamento que se fixa na notificación correspondente.

7(1766).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE OBRAS DE AMPLIACIÓN DO SANEAMENTO EN VALLADARES. EXPTE. 53/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 25.11.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Adxudicar provisionalmente á empresa HIDROMIÑO, S.L. o procedemento negociado sen publicidade das obras de ampliación da rede de saneamento na parroquia de Valladares (expediente 53/440) por un prezo total de 77.472,92 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de tres persoas. A relación dos postos incrementados é a seguinte:
 - 1 oficial de 1ª.
 - 1 oficial de 2ª.
 - 1 peón.

- Comprométese a aportar 3 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa a aportación ó control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas ó 4 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no prego de condicións administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Comprometese a destinar a cantidade de 9.586,88 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá indicar a categoría profesional. Incluírse tamén o persoal a maiores sobre o mínimo esixido.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta, segundo acordo da mesa de contratación de data 29-10-2008, do que se deu conta á Xunta de Goberno Local en data 17-11-2008.

8(1767).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE OBRAS DE AMPLIACIÓN DE BOMBEO NO CASAL. EXPTE. 55/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 25.11.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Adxudicar provisionalmente á empresa AQUALIA INFRAESTRUCTURAS, S.A. o procedemento negociado sen publicidade das obras de ampliación do bombeo de Casal – Sampaio (expediente 55/440) por un prezo total de 77.309,59 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de tres persoas. A relación dos postos incrementados é a seguinte:
 - 1 oficial de 2ª.
 - 1 peón.
- Comprométese a aportar 2 persoas procedentes da situación legal de desemprego dentro do incremento de persoal proposto e con presenza permanente na obra.
- Incrementa a achega ó control de calidade na porcentaxe do 2 % pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas ó 4 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no prego de condicións administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Comprometese a destinar a cantidade de 21.944,11 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 25-02-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá indicar a categoría profesional. Incluírse tamén o persoal a maiores sobre o mínimo esixido.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta, segundo acordo da mesa de contratación de data 29-10-2008, do que se deu conta á Xunta de Goberno Local en data 17-11-2008.

9(1768).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA MELLORA DO ALUMEADO PÚBLICO EN BARRIOS E PARROQUIAS. EXPTE. 12842/444.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 1.12.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Adxudicar provisionalmente á empresa ACELEC, INSTALACIONES ELÉCTRICAS, S.L. o procedemento negociado sen publicidade das obras de Mellora do alumado público en barrios e parroquias (Expediente 12842-444) por un prezo total de 199.998,84 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Propón como número de unidades ofertadas para subministrar e instalar o de 575 unidades.
- Propón como prazo de execución das instalacións a executar o de 7 semanas, o que supón unha redución do 12,5 % sobre o mínimo esixido no prego.
- Incrementa o prazo de garantía en 12 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no prego de condicións administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 24 meses.
- Incrementa a aportación ó control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas ó 3 %.
- Propón como melloras:
 - Aportación de 2 oficiais en lugar dos 2 peóns esixidos no prego.
 - Aportación de 1 enxeñeiro técnico en vez de 1 delineante.
 - Aportación de 1 enxeñeiro superior en vez de 1 enxeñeiro técnico.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22-06-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá indicar a categoría profesional. Inclúírase tamén o persoal a maiores sobre o mínimo esixido.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta, segundo acordo da mesa de contratación de data 29-10-2008, do que se deu conta á Xunta de Goberno Local en data 17-11-2008.

10(1769).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE ADQUISICIÓN DUNHA PALA CARGADORA. EXPTE. 6641/445.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada el día 20.11.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Adxudicar provisionalmente a empresa MDC INGENIERIA, S.L., o procedemento negociado con publicidade para a subministración pala cargadora (expediente 6641/445) por un prezo total de 86.913 euros IVE incluído (a cota correspondente o IVE é de 11.988 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Reduce o prazo de entrega da máquina en un mes, sendo o prazo de entrega de 2 meses.
- O prazo de garantía é de 1 ano.
- Un curso de formación para instruír ós operadores e mecánico do equipo que designe o Concello para o manexo da máquina, valorado en 928 €. Ó mesmo tempo farase a posta en marcha da máquina.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22 de xuño de 2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

11(1770).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA SUBIDA Á MADROA, CANDEÁN. EXPTE. 58504/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 25.11.09, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Adxudicar provisionalmente á empresa PLYGEPE, S.L. o procedemento negociado sen publicidade de construción de beirarrúas na rúa subida a Madroa - Candean (expediente 58504/250) por un prezo total de 83.470,29 euros IVE incluído e coas seguintes prestacións adicionais:

- Aporta como persoal a maiores sobre o mínimo esixido de maneira permanente en obra o número de tres persoas. A relación dos postos incrementados é a seguinte:
 - 1 enxeñeiro industrial.
 - 1 oficial de 1ª.
 - 1 peón.
- Incrementa a aportación ó control de calidade na porcentaxe do 1 % pasando do 2% fixado no prego de prescricións técnicas ó 3 %.
- Incrementa o prazo de garantía en 48 meses respecto do prazo de 12 meses fixado no prego de condicións administrativas particulares, co que o prazo total de garantía é de 60 meses.
- Comprometese a destinar a cantidade de 5.349,31 euros á execución de melloras o proxecto relacionadas cos materiais e acabados superficiais e a protección fronte o aparcamento ilegal.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 15-06-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 15 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- A acreditativa de estar ó día no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia. (respecto das do concello de Vigo se obterá de oficio pola administración).
- Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.
- A relación do persoal mínimo que se vai a adscribir ó contrato, deberá indicar a categoría profesional. Incluírse tamén o persoal a maiores sobre o mínimo esixido.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta, segundo acordo da mesa de contratación de data 29-10-2008, do que se deu conta á Xunta de Goberno Local en data 17-11-2008.

12(1771).- DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN DE MELLORA DOS SISTEMAS DE SEGURIDADE E CONTROL DOS ACCESOS Á CASA DO CONCELLO. EXPTE. 13032/444.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a proposta da Mesa de Contratación da súa sesión do 27 de novembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º(1771).- Declarar deserto o procedemento negociado con publicidade para contratación das obras de mellora dos sistemas de seguridade e control dos accesos á Casa do Concello de Vigo (Expediente: 13032-444).

2º(1771).- Comunicar o presente acordo ó servizo de Electromecánicos ós efectos oportunos.

13(1772).- SOLICITUDE DE ACEPTACIÓN DE MODIFICACIÓN NA SUBVENCIÓN CONCEDIDA O ANO 2008 POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO PARA A MEMORIA “MELLORA DA ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS”. EXPTE. 6482/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 7.12.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, aprobou o día 11 de febreiro de 2008 a solicitude da subvención concedida pola Consellaría de Traballo, en base a resolución de data 31 de xullo de 2008 do Delegado Provincial da mesma Consellaría, onde se concede unha axuda por importe de 60.828,84 €, concedida para a execución do servizo denominado “Mellora da accesibilidade e mobilidade en instalacións deportivas”.

Con data 17 de setembro de 2009, entra por rexistro do Concello de Vigo modificación á resolución administrativa concedida con data 31 de xullo de 2008, no senso de reducir o montante da mesma a 58.756,45 €, por verse minorado o tempo de contratación dunha traballadora.

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a aceptación da modificación do montante da subvención concedida para a memoria denominada “Mellora da accesibilidade e mobilidade en instalacións deportivas“ concedida no ano 2008.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1773).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO E A FEDERACIÓN VECIÑAL “EDUARDO CHAO” PARA COADXUVAR NA ORGANIZACIÓN DAS XVII XORNADAS DAS MULLERES VECIÑAIS. EXPTE. 4142/224.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 23 novembro de 2009 emitido pola xefa do servizo de Igualdade, coa conformidade da concelleira delegada, visto o informe do letrado asesor de data 1.12.2009 e o da xefa do servizo de Fiscalización co conforme do Interventor Xeral de data 3 de decembro, a Xunta de goberno Local acorda:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de subvención entre a “Federación Veciñal Eduardo Chao” e o Concello de Vigo para coadxuvar á financiamento das “XVI Xornadas das Mulleres veciñais”.

2º. Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 20.000,00€ (vinte mil euros) con cargo á partida presupostaria “Convenio colaboración coa Federación Veciñal” 463.2 4890005 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil nove

REUNIDAS

Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegadas de Área.

Doutra, dona Elena González Sánchez, como presidenta da asociación da “Federación Veciñal Eduardo Chao”, con CIF nº G36681708 e enderezo social na praza da Princesa nº 7-2º andar Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que obra no expediente.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

II.- Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde hai mais de quince anos a Concellería de Igualdade (antes concellería de Muller) ven colaborando activamente coa Federación Veciñal “Eduardo Chao” no desenvolvemento das Xornadas das Mulleres Veciñais que se organizan con periodicidade anual.

Estas Xornadas das Mulleres veciñais configúranse como un punto de encontro entre as mulleres da cidade para traballar e debater diferentes temas de actualidade que contribúan a promover e potenciar valores de igualdade na sociedade. As xornadas son froito dun traballo continuado durante

mais de quince anos que serviron para a súa consolidación e conversión nun punto de referencia para o debate sobre a igualdade.

III.-A Asociación “Federación Veciñal Eduardo Chao”, é unha entidade sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociacións e pola demais lexislación existente que lle é de aplicación.

A ampla traxectoria desta asociación caracterízase pola súa intensa defensa dos dereitos da muller e no combate e denuncia da violencia de xénero. É unha entidade que ten participado activamente no Consello Municipal da Muller desde os seus comezos.

IV.-Este ano, a Federación veciñal Eduardo Chao, manifesta a súa vontade de continuar esta liña iniciada e consolidada e ten previsto organizar as “XVI Xornadas das Mulleres Veciñais” durante os días 15,16 e 17 de decembro de 2009 baixo o título “Xornadas da Igualdade”.

Considerando que esta iniciativa presentada pola “Federación Veciñal Eduardo Chao” cumpre os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie estas iniciativas no eido social baixo a fórmula dun convenio.

V.-A concesión desta subvención directa acóllese ao previsto no artigo 19, 4.a da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao estar prevista nominativamente no orzamento da concellería de igualdade aprobado para o presente exercicio. O Concello de Vigo fará fronte ao importe da axuda con cargo á partida nominativa” “convenio colaboración coa Federación Veciñal Eduardo Chao” 4632 4890005 do orzamento vixente.

VI.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación das “XVI Xornadas das Mulleres veciñais”.

VII.- Que a “Federación Veciñal Eduardo Chao” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da “Federación Veciñal Eduardo Chao”, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O presente convenio ten por obxecto colaborar coa “Federación Veciñal Eduardo Chao” (en adiante FAVEC) no desenvolvemento das “XVI Xornadas das Mulleres Veciñais” que baixo o título de “Xornadas da Igualdade” vai desenvolver durante o mes de decembro de 2009. Anexo I

A FAVEC comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Empregar o galego e unha linguaxe non sexista en todos os medios de promoción e difusión.

3.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

4.- Todas as actividades desenvolvidas pola FAVEC na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de contingencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

5.- A persoa ou persoal que preste servizos na FAVEC non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

6.- As obrigas da FAVEC, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1.-Colaborar coa FAVEC na difusión e dinamización dos contidos e actuacións da FAVEC vinculados con este convenio.

2.-Colaborar na financiamento das actuacións vinculadas a este proxecto a través da concesión directa dunha subvención por importe de 20.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiamento da colaboración no ámbito da promoción da igualdade para a organización das “XVI Xornadas das Mulleres Veciñais” con cargo á partida “Convenio de colaboración coa Federación Veciñal Eduardo Chao” 4632 4890005 do orzamento en vigor.

Terceiro.- Esta subvención non será compatible con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en dúas partes partes:

1. A primeira, por importe de 5.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.
2. A segunda por importe de 15.000,00€ previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria da actividade e xustificantes orixinais de gasto pola totalidade do importe da axuda concedida.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sétimo.- Para o seguimento e avaliación do presente convenio establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

A presidenta da Federación Veciñal Eduardo Chao.

A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.

Unha representante da vogalía da muller da Federación Veciñal

Actuará como secretaria da comisión a xefa do servizo de igualdade.

Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible dos logotipos da Concellería de Igualdade e da Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite. Igualmente, deberá facer mención a esta financiamento en cantas intervencións presentes ou futuras se realicen nos medios con motivo destas actividades. A Concellería de Igualdade conformará o material de difusión que se empregue para difundir as actividades obxecto deste convenio. Para elo, a FAVEC deberá achegar á concellería de igualdade as probas e propostas de material (circulares, carteis, convites, folletos, etc) coa debida antelación.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida, así como declarar o importe e a aplicación dos fondos propios que financian tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será

preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os gastos xerados pola actividade, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria cuantitativa e cualitativa sobre a actividade desenvolvida no marco deste convenio, achegando entre outros: relación de mulleres participantes, cinco exemplares de todo o material impreso e en formato dixital empregado para a difusión das actividades obxecto deste convenio.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o período de organización e execución da actividade.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade . A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o

reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicado.”

15(1774).- PROXECTO DE CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA COADJUVAR NA ORGANIZACIÓN DO 2º CURSO DO PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO EN ESTUDOS DE XÉNERO. EXPTE. 4054/224.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 9 novembro de 2009 emitido pola xefa do servizo de Igualdade, coa conformidade da concelleira delegada, visto o informe do letrado asesor de data 27.11.2009 e o da xefa do servizo de Fiscalización co conforme do Interventor Xeral de data 4 de decembro, a Xunta de goberno Local acorda:

1º.- Aprobar a realización do “Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Concello de Vigo para coadxuvar na organización do segundo curso do Programa Oficial de Posgrao en Estudos de Xénero da Universidade de Vigo”.

2º.- Autorizar á Concelleira delegada de igualdade para que o asine en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 6.000.-€ (seis mil euros) con cargo á modificación de crédito aprobada na sesión plenaria do 27 de xullo de 2009 para o “*plan municipal de igualdade de oportunidades*”, partida 463 2 2270606 en concepto de execución do convenio.

4º Aprobar o texto que de seguido se transcribe:

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O CONCELLO DE VIGO : PROGRAMA OFICIAL DE POSGRAO EN ESTUDIOS DE XÉNERO

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil nove.

REÚNENSE:

Dunha parte, o Excmo. Sr. Alberto Gago Rodríguez, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia nº 96/2006, do 8 de xuño, publicado no DOG. nº 115 de 16 de xuño de 2006, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da LOU e o artigo 59 dos Estatutos, publicados no DOG, nº 237, do 5 de decembro de 2003, con domicilio social no Campus Universitario de Vigo, As Lagoas-Marcosende, Vigo, código postal 36310 de Vigo.

E doutra, D.ª Iolanda Veloso Ríos, como Concelleira delegada da Área de Igualdade de Vigo, con CIF P-3605700-H e razón social Excmo. Concello de Vigo.

Ambas partes recoñécense entre si capacidade legal suficiente para a celebración do presente convenio,

MANIFESTAN

Primeiro: A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial e, en concreto ás do sector das necesidades presentadas polas mulleres, constitúe unha das preocupacións da sociedade.

Segundo: O complemento que para a formación do estudiantado supón o coñecemento do mundo económico, industrial e empresarial galego é un dos obxectivos que a Universidade de Vigo considera de maior importancia.

Terceiro: Ambas as dúas partes consideran necesario fomentar a investigación, a formación en estudos feministas desde unha perspectiva interdisciplinaria, a incorporación da óptica feminista en todas as áreas de coñecemento e a constitución dunha plataforma de reflexión tanto no ámbito académico como en toda a sociedade, desde perspectivas feministas que apoiem o proceso de incorporación das mulleres en condicións de plena igualdade , nas diversas facetas da vida económica, social e cultural.

Cuarto: A impartición do “programa oficial de posgrao en Estudos de Xénero” pola Universidade de Vigo, coas características que o definen preséntase como un punto de partida para levar a cabo do xeito máis efectivo as necesidades e obxectivos anteriormente expostos.

En consecuencia acordan formalizar o presente convenio de colaboración a teor dos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre as dúas entidades para fomentar a investigación, a formación en estudos feministas desde unha perspectiva interdisciplinaria, a incorporación da óptica feminista en todas as áreas de coñecemento e a constitución dunha plataforma de reflexión tanto no ámbito académico como en toda a sociedade dende perspectivas feministas que apoiem o proceso de incorporación das mulleres, en condicións de plena igualdade, nas diversas facetas da vida económica, social e cultural do Concello de Vigo. Con esta finalidade o Concello de Vigo comprométese, nos termos previstos no presente convenio, a colaborar no financiamento do segundo curso do Posgrao en Estudos de Xénero iniciado no mes de outubro de 2009.

SEGUNDO.- COMPROMISO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1º.- Como contrapartida á axuda concedida, a Universidade de Vigo porá a disposición da Concellería de Igualdade 25 prazas gratuítas para a asistencia a un número máximo de 4 clases maxistrais organizadas no marco do 2º curso do programa oficial de posgrao e que serán previamente consensuadas entre ambos organismos. As persoas que asistan ás clases maxistrais o farán en calidade de oíntes, sen precisar de matrícula nin reserva de prazas de matrícula.

A dirección oficial do Posgrao en Estudos de Xénero comunicará coa debida antelación ao Concello as datas e horarios das devanditas clases para que por parte do Concello se poida realizar a difusión da actividade e a procura das instalacións para a realización de cada unha das clases maxistrais.

2º.- A Universidade de Vigo comprométese a destinar ós fins acordados o financiamento que destine o Concello de Vigo, destacando en lugares ben visibles o seu patrocinio en todos os carteis, folletos, actos académicos e científicos, comunicacións de todo tipo, prensa, radio, televisión, internet, videoconferencias, etc, derivados do funcionamento e desenvolvemento do programa oficial de posgrao en Estudos de Xénero, así como nas publicacións que resulten dos seus traballos.

TERCEIRO.- IMPORTE DA AXUDA E XEITO DE PAGO

O Concello de Vigo comprométese a aportar a cantidade de 6.000.-€, con cargo á modificación de crédito aprobada na sesión plenaria do 27 de xullo de 2009 para o “plan municipal de igualdade de oportunidades”, partida 463 2 2270606, a favor da Universidade de Vigo en concepto de axuda para cofinanciar o segundo curso do programa oficial de posgrao en Estudos de Xénero, no ámbito de aplicación do presente convenio de colaboración e de acordo coa finalidade e obxectivos especificados na cláusula primeira.

A axuda se porá a disposición da Universidade de Vigo, nun só pago, unha vez iniciado o segundo curso do Posgrao e se teñan impartido as catro clases maxistrais que se indican na segundo pacto

deste convenio. Previamente ao pago a Universidade de Vigo deberá presentar a relación de alumnos e alumnas de Vigo matriculados/as e unha certificación expedida polo órgano competente da Universidade conforme aplicaron o 100% dos fondos concedidos ao obxecto da axuda.

CUARTO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha Comisión de Seguimento do presente convenio integrada por Dona. Purificación Mayobre Rodríguez e Dona. Beatríz Suárez Briones como representantes da Universidade de Vigo e por Dona Iolanda Veloso Ríos, concelleira delegada de Igualdade e Dona Cristina Gómez García, xefa do servizo de igualdade, en representación do Concello de Vigo, coas competencias que se sinalan nas cláusulas do presente convenio.

Esta Comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e propondrá as entidades outorgantes formas de aumentar a súa eficacia, reuníndose cando así o considere oportuno cada unha das partes.

QUINTO.- VIXENCIA

Este convenio terá vixencia ata o 20 de decembro de 2009 e entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEXTO.- INTERPRETACIÓN

O presente convenio ten natureza administrativa e as dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias serán resoltas pola Comisión Mixta de Seguimento.

SÉTIMO.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- .- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.
- .- A desviación dos fondos outorgados para outro fin distinto do que motivou a concesión.
- .- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo
- .- O impedimento ou a dificultade á inspección do Concello no caso de que esta se produza.
- .- Calquera outra causa que impida a correcta aplicación do convenio.

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio en exemplar duplicado no lugar e data indicados ao comezo”.

16(1775).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguintes relacións dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
COMESAÑA ALÉN JUAN RAMÓN	9021648	8.000,00	7.997,45	2,55	----
COMESAÑA ALÉN JUAN RAMÓN	9056483	400,00	160,50	239,50	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	9056492	139,80	139,80	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	9056493	936,88	862,88	74,00	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	9058953	570,00	570,00	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	9059367	307,43	307,43	----	----
ESCARIZ COUSO ALBERTO	9059371	182,57	182,57	----	----

ESPADA RE CAREY LUIS	9042751	1.000,00	644,26	355,74	----
ESPADA RE CAREY LUIS	9042752	1.000,00	644,81	355,19	----
GÓMEZ JANEIRO MARÍA	9056495	90,00	90,00	----	----
GÓMEZ JANEIRO MARÍA	9056496	463,76	427,31	36,45	----
GÓMEZ JANEIRO MARÍA	9056497	310,11	310,11	----	----
MAGDALENA VILA Mª JESÚS	9064313	630,00	630,00	----	----
MAGDALENA VILA Mª JESÚS	9064314	310,11	310,11	----	----
MAGDALENA VILA Mª JESÚS	9064315	350,00	273,82	76,18	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	9050106	516,85	339,50	177,35	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	9050107	150,00	62,58	87,42	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	9064306	6.913,60	6.913,60	----	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024242	225,00	225,00	----	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024243	338,88	473,15	----	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024244	467,70	285,74	47,69	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024245	225,00	225,00	----	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024246	269,00	164,63	104,37	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024247	310,11	310,11	----	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024248	310,11	310,11	----	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024249	269,00	167,25	101,75	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024250	225,00	225,00	----	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024251	225,00	225,00	----	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024252	269,00	168,88	100,12	----
OJEA PÉREZ RAFAEL	9024253	310,11	310,11	----	----
QUINTELA RODRÍGUEZ Mª JOSÉ	9044344	30.000,00	29.939,44	60,56	----
VIEITES ALÉN JOSÉ MANUEL	9048449	6.000,00	5.725,76	274,24	----
		61.715,02	59.621,91	2.093,11	,00
TOTAL XUSTIFICADO.....			59.621,91.-		

17(1776).- CONVENIO PARA AXUDA ECONÓMICA NA ADQUISICIÓN E ADSCRICIÓN DE EUROTAXI. EXPTE. 76235/210.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 4 de decembro emitido pola xefa do Servizo de Transportes, coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Ratificar o convenio asinado en data 15 de setembro entre o Instituto de maiores e servizos sociais (INSERSO), a Fundación ONCE para a cooperación e integración social de persoas con discapacidade e o Concello de Vigo (Pontevedra) nas condicións fixadas pola comisión de seguimento do convenio na reunión de data 17 de xullo do 2009 .

Segundo.- Aprobar a adscripción dun novo vehículo eurotaxi a licenza da que é titular D. Francisco Luís González nº 307 ó amparo da axuda económica concedida pola Comisión de seguimento do Convenio de Accesibilidade Universal e cos compromisos asumidos na súa solicitude.

18(1777).- SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE AVAL Á AVV CAMIÑO VELLO DE COIA, POR IMPORTE DE 2.000 EUROS. EXPTE. 77169/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 26.11.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 13 de novembro de 2009, pola AAVV Camiño Vello de Coia, co CIF G: 36.648.186, por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración dun magosto o día 14 de novembro de 2009, por non producirse danos na vía pública.

19(1778).- SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE FIANZA Á AVV PRAZA DA MIÑOCA, POR IMPORTE DE 2.000 EUROS. EXPTE. 77163/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Mobilidade, Transporte e Seguridade, do 26.11.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución da fianza en metálico achegada en data 09 de novembro de 2009, pola AAVV Praza da Miñoa, co CIF G: 36.842.284, por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración dun magosto o día 14 de novembro de 2009, por non producirse danos na vía pública.

20(1779).- DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE NOVEMBRO, EXPTE. 952/334.

Mediante providencia de data 3.12.09, en cumprimento co establecido na base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, a concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de gasto menor tramitados no Servizo de Normalización durante o mes de novembro de 2009, que son os seguintes:

Expediente	931/334. Merca de 3.000 "Os bolechas queren saber como é a toponimia" por mor da campaña de dinamización lingüística "Coñecéndonos, descubríndonos"
Decreto concelleira	data 10 de novembro de 2009
Informe Intervención	RC 67995
Adxudicatario	Promocións culturais galegas, S.A.
Importe	11.715,60 euros

Expediente	933/334. Infraestrutura necesaria para desenvolver a xornada da campaña "En galego, tamén noutros mundos"
Decreto concelleira	data 11 de novembro de 2009
Informe Intervención	RC 70737

Adxudicatario	Silsande, S.L.
Importe	4.810,00 euros

Expediente	943/334. Programa de linguas e culturas do mundo
Decreto concelleira	data 23 de novembro de 2009
Informe Intervención	RC 71079
Adxudicatario	REVERSO comunicación, cultura e lingua, S.L.
Importe	3.500,00 euros

21(1780).- ABOAMENTO PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA POSTO DE DIRECTOR DO VERBUM-CASA DAS PALABRAS. SEGUNDO TRIMESTRE 2009. EXPTE. 1082/340.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 23 de outubro pola técnica de RRHH coa conformidade da xefa do servizo, visto o informe da Intervención Xeral de data 4 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Recoñecer ao funcionario D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con DNI 36077859-J e nº de persoal 23627, o aboamento dun complemento de produtividade por importe de 1636.45€ en aplicación do recollido no apartado terceiro a) das vixentes instrucións de plantilla pola que con cargo ao complemento de produtividade aboarase a actividade e adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, por motivos de urxencia, entendendo a acumulación do posto de Director Verbum Casa das palabras, por importe equivalente ao complemento de destino do posto acumulado, polo período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2009.

Segundo.- Déase traslado da presente resolución ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

22(1781).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Ó FUNCIONARIO D. FRANCISCO J. GUTIÉRREZ ORÚE. 1º E 2º TRIMESTRE 2009. EXPTE. 4335/320.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 6 de outubro pola técnica de RRHH coa conformidade da xefa do servizo e máis do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 4 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Recoñecer á D. Francisco J, Gutiérrez Orúe, con número de persoal 13920, un complemento de produtividade por importe de 2882,11€, importe calculado en función do importe mensual do complemento de destino do posto 36 “Xefe do Servizo de Formación e emprego, posto acumulado segundo resolución do concelleiro delegado de xestión municipal de data 25 de marzo de 2008, polo período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de setembro de 2009.

Segundo.- Déase traslado da presente resolución á interesada, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

23(1782).- PRODUCTIVIDADE Ó FUNCIONARIO D. AVELINO SAN LUIS COSTAS. EXPTE. 19392/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 6 de outubro pola técnica de RRHH coa conformidade da xefa do servizo e máis do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 4 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aboar ao funcionario D Avelino San Luis Costas, funcionario adscrito a Alcaldía, un complemento de produtividade por importe de 2311.11 €, segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de abril de 2007, en relación ao período comprendido entre 1 de xullo ao 30 de setembro de 2009.

Segundo.- Déase traslado do presente acordo ao interesado, ao Comité de persoal e a Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

24(1783).- RECOÑECIMIENTO DE CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL DO NIVEL 28 Á FUNCIONARIA D^a MARTA MARÍA RIOBÓ IBÁÑEZ. EXPTE. 19484/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe-proposta de data 1 de decembro emitido pola xefa do Servizo de RRHH coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe de data 4 do mesmo mes emitido pola Intervención Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecer á funcionaria D^a Marta María Riobó Ibáñez, co núm. De persoal 76267, técnica de administración xeral, a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 28, motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados dun posto de traballo superior en dous niveis ao grao inicial (26) por ter estado adscrita provisionalmente ao posto de traballo de “adxunto xefe disciplina urbanística” (posto núm. 31 da RPT correspondente ao ano 1998, con nivel de complemento de destino 28), dende o 10 de xuño de 1999 ata o 25 de maio de 2005, que foi adscrita ao posto de “xefa do servizo de disciplina urbanística” (co mesmo nivel de complemento de destino), nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada ao seu expediente persoal.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

25(1784).- CONTRATACIÓNS ACCIÓNS FORMATIVAS PLAN DE FORMACIÓN 2009. EXPTE. 19480/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 20 de novembro de 2009 emitido pola técnica de Formación e Avaliación de RR.HH. conformado polo concelleiro delegado, vistos os documentos contables de data 9 de decembro que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar o réxime excepcional dos contratos menores que figuran de seguido, de conformidade co previsto no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como do artigo 72 do Real Decreto 1098/2001 e comprometer o gasto, de acordo co disposto no artigo 185 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado Real Decreto Legislativo 2/2004, polos importes sinalados, a prol das empresas que se relacionan, con cargo a partida 121.1.2270600, por un importe total de 41738.12 €:

Acción	Orzamento máximo	empresa	cif	DIRECCIÓN
TALLER DE XESTIÓN DE DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS. COMO ORDENAR O MEU ORDENADOR PERSOAL	900,00 €	Mentor Formación S.l	B27704584	c/ Escultor Gregorio Fernández 19 Vigo
HABILIDADES PARA A MELLORA DA COMUNICACIÓN INTERPERSOAL (PNL)	2.480,00 €	YSJ SL (NOME COMERCIAL: GALICIA COACHING	B36924306	c/ Camiño do Bosque, nº 4, Vigo
AS FASES DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO E A SÚA APLICACIÓN PRACTICA NA ADMON. LOCAL	7.200,00 €	MEGA	B 36964542	c/ Avda Castrelos 20 1º Vigo
FOLLA DE CÁLCULO OPEN OFFICE CALC (NIVEL I)	2.400,00 €	Mentor Formación S.l	B27704584	c/ Escultor Gregorio Fernández 19 Vigo
FOLLA DE CÁLCULO OPEN OFFICE CALC (NIVEL II)	2.400,00 €	Mentor Formación S.l	B27704584	c/ Escultor Gregorio Fernández 19 Vigo
PROCESADOR DE TEXTOS OPEN OFFICE WRITER (NIVEL I)	1.200,00 €	Mentor Formación S.l	B27704584	c/ Escultor Gregorio Fernández 19 Vigo
PROCESADOR DE TEXTOS OPEN OFFICE WRITER (NIVEL II)	2.400,00 €	Mentor Formación S.l	B27704584	c/ Escultor Gregorio Fernández 19 Vigo
BASE DE DATOS OPEN OFFICE BASE (NIVEL I)	1.200,00 €	Mentor Formación S.l	B27704584	c/ Escultor Gregorio Fernández 19 Vigo
BASE DE DATOS OPEN OFFICE BASE (NIVELII)	1.200,00 €	Mentor Formación S.l	B27704584	c/ Escultor Gregorio Fernández 19 Vigo
GIMP EDICIÓN DE IMAXES DIXITAIS	1.200,00 €	Mentor Formación S.l	B27704584	c/ Escultor Gregorio Fernández 19 Vigo
INICIACIÓN AO INGLÉS NIVEL III	1.650,00 €	Mentor Formación S.l	B27704584	c/ Escultor Gregorio Fernández 19 Vigo
JAVA POLICÍA LOCAL	3.410,00 €	AFI formación	B36631091	c/ Avda Castrelos 20 Vigo
FORMACION S.E.I.S. xxxxxxxxx	8.000,00 €	Seganosa	A36715217	c/ Camelias 48 1º b Vigo
AUDITORIAS INTERNAS NORMAS UNE EN ISO 17025	4.474,12 €	Gabinete de servizos para la Calidad SAL	B82003203	c/Caridad 22 28007 Madrid
FORMACIÓN TEÓRICO PRACTICA DE TRABAJOS EN ALTURA/CUBIERTAS	1.624,00 €	GAMESYSTEM España S.A	A 78885514	
	41.738,12 €			

- con cargo a partida 222.2.1620000 , por un importe total de 1972.00 €:

ACCIÓN	FORMADOR	NIF	HORAS	IMPORTE
INVESTIGACIÓN E RECONSTRUCCIÓN DE ACCIDENTES DE TRÁFICO (NIVELII)	ISV-INGNIERÍA Y SEGURIDAD VIAL. Consultores e Reconstructores de Accidentes S.L.	B-27701713	20	1.700 € + 16% IVE = 1.972 €

- con cargo a partida 222.1.1620000 , por un importe total de 10.000,00€:

ACCIONES			HORAS	EDIC
PROGRAMA RECICLAJE S.E.I.S	7400.00€	Seganosa	A36715217	c/ Camelias 48 1º b Vigo
CURSO DE RECICLAXE TRANSPORTE DE MERCANCÍAS PERIGOSAS	2600.00€	Seganosa	A36715217	c/ Camelias 48 1º b Vigo

2.- Autorizar o réxime excepcional de contrato menor de servizo por razón da contía de acordo ao previsto nos artigos 95 e 122.3 en relación co artigo 10 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector público, de 30 de outubro.

En ningún caso, a execución desta Resolución dará lugar a fraccionamento do obxecto do contrato (art. 74 e 93.2 da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Publico, do 30 de outubro), entendéndose que os expedientes deben abarcar a totalidade do obxecto, comprendendo todos e cada un dos elementos que sexan precisos para a execución do contrato.

26(1785).- SOLICITUDE DEVOLUCIÓN AVAL A VIUCONSA POR IMPORTE DE 30.000 EUROS, POR OBRAS NA RÚA LUIS TABOADA. EXPTE. 60337/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 9 de decembro de 2009 emitido polo xefe do negociado de Vías e obras coa conformidade da concelleira delegada, a Xunta de Goberno Local acorda:

Proceder á devolución do aval a VIUCONSA S.A., constituído na data reseñada, polo importe de 30.000 euros.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

27(1786).- MEMORIA DESCRIPTIVA DO PROGRAMA DE REFORZOS DA POLICÍA LOCAL 2009 E ABOAMENTO PRODUTIVIDADE Ó SERVIZO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 34162-212

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

O técnico de organización e a técnica de avaliación de RRHH, coa conformidade da xefa do servizo e máis do concelleiro delegado, con data 14 de decembro, formulan o seguinte informe-proposta:

“En data 11 de decembro de 2009, recíbese no Servizo de Recursos Humanos instrución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal do inicio do expediente administrativo para o aboamento dun complemento de produtividade por importe total de 236.562,90 € aos funcionarios/as contidos na relación que se achega e que comeza por D Alberto Carballo Acuña e remata por D Juan Guillermo Vivero Mijares así como a remisión a Xunta de Goberno Local para a súa aprobación da “Memoria descritiva e resultados como consecuencia do acordo sobre reforzos para a Policía Local de Vigo”.

A memoria descritiva do programa recolle a valoración e resultados obtidos no programa de reforzos manifestando o acadamento dos obxectivos perseguidos.

En canto a solicitude de mantemento do programa de reforzos para o vindeiro ano ou a ampliación do número das xornadas contempladas no acordo de 2009, proposto no apartado 2º da proposta do Superintendente do Corpo da Policía Local, os técnicos que subscriben consideran a necesidade de pospoñer o estudo e debate da mesma.

En relación coa proposta de aboamento de produtividade remítese relación que contén un total de 332 funcionarios da Policía Local, e propónse na mesma as cantidades a percibir por cada un dos funcionarios participantes, o que supón un importe total de 236.562,90 €.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril de 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derrogatoria Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado no artigo 28.1.apartado E) da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2009, que define e precisa o contido e alcance do complemento de produtividade.

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

Nas vixentes instrucións de plantilla recollese que :

“A Xunta de Goberno establecera no exercicio das súas competencias, atribuídas polo artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os parámetros obxectivos de asignación de complementos de produtividade que considere, tendo en conta os seguintes criterios:

O complemento de produtividade establecerase orixinado única e exclusivamente por:

- 1.- Aumento de volume de traballo nas tarefas asignadas ao posto de traballo ocasionado por razóns conxunturais debidamente xustificadas*
- 2.- Asignación de novas tarefas ao posto de traballo motivadas polo incremento da actividade municipal e formalmente encomendadas polo órgano competente*
- 3.- Rendemento extraordinario e correcto desempeño do traballador no desempeño das actividades , cometidos e responsabilidades encomendadas ao posto de traballo adscrito*
- 4.- Será estimado mediante informe pormenorizado do responsable do servizo, unidade ou departamento de adscrición ,no que se especifique a cantidade do traballo realizado con arranxo aos principais indicadores do contido funcional do seu posto e a eficacia, calidade, logro de resultados, tempo de traballo adicional, dispoñibilidade, do traballo e debера contar coa conformidade do concelleiro delegado correspondente”*

A asignación dos complementos de produtividade propostos polo Concelleiro delegado de Xestión Municipal e Mobilidade, seguridade e transportes (Decreto de 9 de decembro de 2009) deberá ser sometida a debate da Xunta de Goberno Local, estimándose a pertinencia ou non de dito aboamento tendo en conta os criterios citados anteriormente.

Nas citadas instrucións de plantilla indicase así mesmo que “A contía en computo total anual, en ningún caso excederá do 10% das retribucións complementarias do posto ao que esta adscrito.”, que no caso das cantidades propostas na instrución do Concelleiro de Xestión Municipal de data 11 de decembro de 2009 para o seu aboamento ningunha supera dito 10%.

Así mesmo infórmase que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 7 de xullo de 2009, acordou a aprobación do PROGRAMA DE REFORZOS DA POLICÍA LOCAL, ANO 2009. EXPTE. 34002/212, autorizando o gasto de 148.024,00 € con cargo a partida orzamentaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE, destinado ao aboamento da realización do referido programa de dispoñibilidade do Servizo da Policía Local.

Con posterioridade na sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 17 de setembro de 2009 acordouse a ampliación da realización de xornadas de dispoñibilidade ata un máximo de 1.750, dentro do período de vixencia do programa (31 de decembro de 2009) así como o gasto de 221.368,50 € con cargo a partida orzamentaria 121.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE, destinado ao aboamento da realización da ampliación das xornadas recollidas no programa de dispoñibilidade do Servizo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 7 de xullo de 2009.

Así mesmo significase a imposibilidade de continuar coa tramitación de expedientes de aboamento de complementos de produtividade contemplados nas vixentes Instrucións de Plantilla.

Segundo as competencias que o artigo 127.1.h) da lei 7/85, Reguladora das bases de réxime local, introducido pola lei 57/2003, de 16 de decembro, lle atribúe á Xunta de Goberno Local (aprobación de retribucións do persoal de acordo cos orzamentos e demais cuestións de persoal non atribuídas a outros órganos), a aprobación da asignación de produtividades previo informe da Intervención Xeral e a debida reserva de crédito da partida orzamentaria no presuposto vixente.

Feitas as consideracións precedentes, sométese á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobación da Memoria descritiva e resultados como consecuencia do acordo sobre reforzos para a Policía Local de Vigo.

Segundo.- Deixar pendente para posterior estudo e debate o mantemento do programa de reforzos para o vindeiro ano, proposto no apartado 2º da proposta do Superintendente do Corpo da Policía Local .

Terceiro.- Someter a debate da Xunta de Goberno Local, estimándose a pertinencia ou non do aboamento dos complementos de produtividade propostos tendo en conta os criterios citados anteriormente ao persoal do Servizo da Policía Local contido na relación que se achega e que comeza con por D Alberto Carballo Acuña e remata por Dª Lucia Vidal Lorenzo, por un importe total de 236.562,90 €

N.P.	Apelidos e nome	pto	Importe
18320	CARBALLO ACUÑA, ALBERTO	84	869,26 €
77815	CARBALLO ACUÑA, FCO.JAVIER	84	372,54 €
76470	FREIRE ESTEVEZ, ALBERTO	84	993,44 €
13712	MARTINEZ MUNOZ, FRANCISCO	84	1.117,62 €

N.P.	Apelidos e nome	pto	Importe
15906	ALVAREZ DOMINGUEZ, JOSE MARIA	99	993,44 €
76473	ALVAREZ FERREIRA, FCO. JAVIER	99	869,26 €
18388	ARENAS VILLARROEL, SANTIAGO ANT	99	869,26 €
16975	BOSQUE ZAPATA, JOSE M. DEL	99	993,44 €
14284	BOUZAS NOVAS, JOSE	99	1.117,62 €
16774	GIL DOMINGUEZ, FRANCISCO A.	99	993,44 €
15728	HERRERA OYA, EMILIO	99	993,44 €
12523	LOPEZ ALVAREZ, JAVIER	99	1.241,80 €
18299	MONTEMUIÑO SANTOS, JOSE CARLOS	99	869,26 €
18425	PEREZ RODRIGUEZ, RAMON	99	869,26 €
21108	PITILLAS TORRA, FRANCISCO JAV	99	745,08 €
14367	REGUERA RIVEIRO, MANUEL A.	99	1.117,62 €
77020	RIO DIZ, PABLO DEL	99	496,72 €
16952	SAAVEDRA GONZALEZ, RAFAEL	99	993,44 €
18170	VAZQUEZ VARELA, JOSE MANUEL	99	869,26 €
18170	VAZQUEZ VARELA, JOSE MANUEL	99	869,26 €
76478	GARCIA VEIRO, JOSE ARMANDO	103	620,90 €
18282	AGUADO TABOADA, MANUEL FERNANDO	126	869,26 €
14396	AMOEDO BLANCO, JOSE MANUEL	126	1.117,62 €
16886	BLAS FONDOS, JOSE LUIS	126	993,44 €
14887	CAMPOS SUEIRO, CAMILO	126	1.117,62 €
23053	CASAL PIÑEIRO, JULIO	126	620,90 €
76475	COSTAS PEREZ, DAVID	126	620,90 €
77026	DOMINGUEZ ALONSO, FRANCISCO	126	620,90 €
14203	ESTEVEZ ALBELA, JOSE MANUEL	126	1.117,62 €
16969	FERNANDEZ SOTELO, JUAN R.	126	993,44 €
21462	GARRIDO DOMINGUEZ, ANGELES	126	745,08 €
22289	LEIROS ORGE, CARLOS	126	745,08 €
22384	LOPEZ REY, GERARDO JOSE	126	745,08 €
79359	LOPEZ SANTANA, ANTONIO JOSE	126	124,18 €
14321	MARON LORENZO, JUAN ANTONIO	126	1.117,62 €
77039	MARTINEZ PARDO, SANTIAGO JESUS	126	496,72 €
14806	MOO GARCIA, JOSE MANUEL	126	993,44 €
